

VII SEMINARIO DE INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS NO ÁMBITO DO DEPORTE



22 DE OUTUBRO DE 2024

Centro Cultural de Alfena – Valongo

EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia

Espana – Portugal



Serras do Porto
VaLongo
○○○○○○○○○○○○○○○○

VII SIE DEPORTE

09h00 Recepción dos Participantes

09h30 Benvida

- **José Manuel Ribeiro**, Presidente do Municipio de Valongo
- **José Guilherme Aguiar**, Presidente do Grupo Temático de Deporte do Eixo Atlántico
- **Rita Fidalgo Oitavén**, Directora de Programas e Cooperación do Eixo Atlántico

09h45 Igualdade de Xénero no Deporte – Boas Práticas

Moderador: Pilar Lueiro Garcia, Concelleira de Deporte do Municipio de Santiago de Compostela

- **Tecido deportivo e políticas de igualdade de xénero no Municipio de Fafe**
Paula Ramos Nogueira, Vereadora de Deporte do Municipio de Fafe
- **Impacto das medidas implementadas polo Municipio de Braga na Carta Deportiva de 2024**
Sameiro Araújo, Vice-presidente do Municipio de Braga
- **Premio «Desporto + Igual» e Selo de Igualdade de Xénero no Deporte**
Maria João Filipe, Técnica Superior do Instituto Português do Desporto e da Juventude

10h45 – PAUSA PARA CAFÉ

11h15 Os Desafíos das Mulleres no Deporte – Mesa Redonda

Moderador: Mafalda Roriz, Directora do Dep. de Desenvolvimento Social, Deporte e Xuventude do Municipio da Maia

- **Celina Gonçalves**, Coordenadora do Mestrado de Xestión do Deporte da Universidade da Maia
- **Silvia Carregal**, Directora do Xornal Deportivo Online “As Nosas”
- **Marta Gomes Graça**, Presidente do Grupo Deportivo Bolacesto do Municipio de V.N. de Gaia

12h15 Debate

12h45 Final

13h00 Xantar

Deslocações em autocarro do município

VII SIE DEPORTE

15h00

Visitas Culturais

- Oficina da Regueifa e do Biscoito
- Trono Romano do Miradouro da Santa Justa

16h30

Fin das Visitas

ORADORES / MODERADORES

Pilar Lueiro Garcia

Concelleira do Municipio de Santiago de Compostela, responsable das áreas de Deporte, Relacións Veciñais Festas, Rural, e UMAD (Unidade Municipal de atención á Drogodependencia);

Licenciada en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela

Foi técnica de Comercio Rural en Galicia Calidade. É integrante do Executivo comarcal desde 2017 e foi membro do Consello local de 2010 a 2017. Formou parte da dirección de diversas asociacións culturais.

Paula Ramos Nogueira

Vereadora do Municipio de Fafe e responsable da área de Deporte, Educación, Xuventude, entre outros;

Doutorada en Historia das Ciéncias e Educación Científica. Profesora en Ciencias da Comunicación e Licenciada en Comunicación Social. Foi docente universitária, investigadora e xornalista profesional.

Foi integrante do equipo de Comunicación da Euro 2024, e do equipo da Capital Europea da Cultura Guimarães 2012. Coordinou o programa de Guimarães Cidade Europea do Deporte 2013. Até 2021 dirixiu varios proxectos de fomento do Deporte para Todos, e foi a responsable da xestión de eventos no Multiusos de Guimarães

Sameiro Araújo

Vice-presidenta do Municipio de Braga e responsable da área de Deporte;

Licenciada en Psicoloxía pola Universidade do Minho;

Foi Presidente da Mesa da *Assembleia Geral da Associação Portuguesa Mulheres e Desporto* e Presidenta da Asociación de Adestradores de Atletismo; É adestradora e nos seus 40 anos de carreira, participou en 9 Xogos Olímpicos.

Maria João Filipe

Técnica Superior do IPDJ, IP, onde integra o grupo de traballo “*Mulheres e Desporto*” e é coordinadora nacional do proxecto “ALL IN Plus” sobre igualdade de xénero no deporte.

Licenciada en Ciencias do Deporte e tem Mestrado en Xestión das Organizacións Deportivas.

Foi Directora Deportiva da Federación Portuguesa de Natación, técnica de exercicio físico e profesora de Educación Física. Xogou a Voleibol, tendo sido campiona nacional da 1ª división, e formou parte da Selección Nacional.



VII SIE DESPORTO



Mafalda Roriz

Directora do Departamento de Desenvolvemento Social, Deporte e Xuventude do Municipio de Maia.

Doutora e Mestre en Ciencias do Deporte, e Licenciada en Deporte e Educación Física (FCDEF-UP). Ten varias formacións realizadas a nivel de liderazgo, xestión deportiva, contratación pública, etc.

É docente da Universidade de Maia e Auditora de Defensa Nacional (instituto de Defensa Nacional – IDN). Foi *Vereadora* sen concellaría, na Cámara Municipal de Santo Tirso durante 12 anos (2005-2017)

É *Concellheira* Local para a Igualdade no Municipio de Maia.

Autora e coautora de varios artigos e libros, e ponente en varios congresos e seminarios.

Celina Gonçalves

Profesora Asociada na Universidade da Maia e Coordinadora do Mestrado de Xestión do Deporte.

Doutora en Motricidade Humana na especialidade de Xestión do deporte (FMH-UTL), Mestre em Xestión das Organización Deportivas (FMH-UTL) e Mestre en temas da Psicoloxía (FPCE-UP).

Exerceu docencia no Ensino Superior durante 20 anos, na área da Xestión do Deporte, no Dept. de Deporte do Instituto Politécnico de Bragança, onde aínda está ligada a proxectos de investigación.

Silvia Carregal

Directora de contidos en Ártabra Comunicación, empresa editora de www.asnosas.gal. As Nosas é un xornal deportivo pensado para darlle protagonismo ás mulleres do deporte en Galicia.

Licenciada en Xornalismo e máster en xornalismo dixital.

Foi xogadora de Fútbol Sala. Ten traballado en televisión, prensa, radio, medios dixitais e axencias, asumindo diferentes responsabilidades entre das que estivo a de xefa de deportes. En 2013 o colectivo MUDEGA (Mulleres Deportistas Galegas) premia a súa traxectoria xornalística pola achega á hora de visibilizar o deporte feminino galego.

Marta Gomes Graça

Presidenta da Dirección do Grupo Deportivo Bolacesto, con sede no municipio de V.N. de Gaia.

A súa conexión ó deporte comezou como nai de dous atletas, a través do acompañamento asíduo ós adestramento e partidos. Fruto desa proximidade, recibiu un convite para ser delegada do clube, función que exerceu durante casi tres anos, até ser eleixidos novos organos e asumir a presidencia do clube.

Dende hai tres anos, está en funcións nun clube fundado por un Profesor que ensinaba baloncesto a un grupo de alumnas. Máis tarde abriuse á practica para todo o público, incluídos rapaces.

LOCALIZACIÓN



Centro Cultural de Alfena
Rua de S. Vicente, s/n, 4445-210 Alfena
Coordenadas: 41.237638, -8.525585